

PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



PA

Van Gogh

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
-IES VALADARES-

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS
4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CURSO 23/24
 - 4.1. Medidas ordinarias
 - 4.2. Medidas extraordinarias
5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS
6. RECURSOS
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN
 - 7.1. Coordinación interna
 - 7.2. Coordinación cos Centros Adscritos
 - 7.3. Coordinación coas familias e axentes externos
8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

ANEXOS

- I. Modelo solicitude de avaliación psicopedagóxica
- II. Autorización avaliación psicopedagóxica
- III. Información sobre AC
- IV. Pautas-resumo dos Protocolos de atención á diversidade

1. INTRODUCCIÓN

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada profesional da educación; tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa.

A resposta educativa a esta diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Do que se trata, como se indica no punto un do artigo único da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE), é garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

No marco destes principios, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste, enténdese por atención á diversidade:

O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Seguindo este Decreto e a Orde que o desenvolve (Orde do 8 de setembro de 2021), no marco da nova Lei educativa, podemos definir ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que require dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentaren:

- **Necesidades Educativas Especiais (NEE):** derivadas de discapacidade ou por trastornos graves da conduta ou da comunicación e da linguaxe.
- **Trastornos da atención ou da aprendizaxe.**
- **Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.**
- **Situación de vulnerabilidade educativa:** desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de outra índole.
- **Altas capacidades intelectuais:** que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a CI: 130, alto nivel de creatividade e persistencias nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.
- **Incorporación tardía ao sistema educativo:** por procederen doutros países ou por outro motivo xustificado.
- **Condicións persoais ou de historia escolar:** alumnado menos sometido a medidas de responsabilidade penal, alumnado sometido a medidas de protección e tutela, alumnado afectado por medidas de violencia de xénero ou acoso escolar, alumnado pertencente a familias itinerantes, alumnado procedente do estraxeiro, ou atención educativa a mozas embarazadas.

O citado Decreto de atención á diversidade sinala, no artigo 11, que ao comezo de cada curso escolar, os Departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual (PXA).

Asimesmo, no artigo 13 recolle que ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

A recollida de información necesaria para a identificación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo farase a través de:

a) Recollida de Información dos CEIP adscritos:

Ao longo do curso o departamento de orientación manterá reunións trimestrais coas responsables da orientación dos CEIP adscritos co obxectivo de recoller información do alumnado que previsiblemente se vaia incorporar ao noso IES para facilitar a **continuidade na progresión da acción educativa**, integrar a todo o alumnado no seu novo grupo e na dinámica do centro e conseguir dar **respostas axeitadas** a aquel que poida requirir dun apoio especial.

PA

Será moi importante contar coa información clara e detallada nos preceptivos informes de finais de etapa (6º E. Primaria) ao remate de cada curso escolar, para poder organizar as medidas de atención á diversidade con este alumnado, a priori, descoñecido para nós.

b) Sesións de avaliación:

Avaliación Inicial: a mediados do mes de outubro realizarase a avaliación inicial en cada un dos cursos da ESO, nas que se recollerá información sobre:

- Nivel de competencia curricular de cada materia.
- Integración no grupo-clase e no centro.
- Axustes das medidas educativas propostas.
- Aspectos organizativos de aula.

Realizaranse **tres sesións de avaliación** coincidindo cos tres trimestres do curso: primeira, segunda e terceira avaliación, e esta última coincidirá coa avaliación ordinaria. Realizarase unha **sesión de avaliación extraordinaria** na ESO e no Bacharelato.

c) Xuntanzas de tutoría: reunións do profesorado titor de cada nivel coa xefa de estudos e coa xefa do departamento de orientación, así como coas especialistas de PT do IES. Nestas reunións farase o seguimento da evolución académica do alumnado e do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

d) Reunións dos equipos docentes: ademais das preceptivas xuntas de avaliación realizaranse xuntanzas de equipo, sempre que se considere necesario, para unha mellor coordinación do profesorado do grupo.

PA

e) Revisión de informes e informacións que se elaboraran no centro de procedencia. Nos casos que se considere oportuno, baixo demanda e coa conformidade da familia, o departamento de orientación en colaboración co profesorado, realizará as avaliacións psicopedagóxicas e os informes pertinentes.

f) Coordinación e seguimento dos casos que o requiran cos Servizos Sociais do Concello, Centro de Saúde e outras institucións ou asociacións.

Para a intervención específica do departamento de orientación co alumnado do centro con NEAE ou NEE, fóra de intervencións máis puntuais ou ordinarias a nivel de grupo-clase na aula, ou para a súa valoración psicopedagóxica, deberase facer a demanda por escrito á xefatura do departamento de orientación. De xeito xeral, dita demanda farase a través da persoa titora do grupo, mediante modelo normalizado que se presenta nos anexos.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** desta planificación é dar resposta á diversidade do alumnado do IES Valadares, a través de distintas medidas que respondan as súas necesidades individuais e contribuír así á consecución das competencias e obxectivos da etapa na que se atopan.

Ademais teranse en conta para toda a atención á diversidade os principios metodolóxicos do **DUA** (CAST) (Deseño Universal da Aprendizaxe)

PA

Para conseguilo, teremos en conta os seguintes **obxectivos específicos**:

- ✓ Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- ✓ Facilitar ao alumnado con NEAE unha resposta adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais do equipo educativo nun contexto de cooperación.
- ✓ Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro de cara a mellorar a eficacia das accións deseñadas.

4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CURSO 21/22

Na atención daquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo, seguindo as liñas indicadas no Decreto 229/2011, poden establecerse dúas vías de atención á diversidade: *medidas ordinarias* e *medidas extraordinarias*, que veremos máis detidamente a continuación.

4.1. Medidas Ordinarias (Art. 8º do Decreto 229/2011, do 7 de decembro)

Considéranse **medidas ordinarias** de atención á diversidade aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos

seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

PA

As **medidas ordinarias** de atención á diversidade coas que contamos son:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado

Trátase de medidas de tipo organizativo básicas, que se poñen en marcha a nivel de centro e de aula, para o desenvolvemento da actividade educativa. A dirección do centro determinará os agrupamentos de alumnado nos diferentes niveis, seguindo dentro do posible criterios de carácter pedagóxico e organizativos, en función das necesidades do alumnado e da dispoñibilidade de recursos materiais e persoais.

En diversos grupos se traballa en **equipos de aprendizaxe cooperativa**, noutros, hai organización de **docencia compartida** para atender á diversidade do alumnado. Tamén hai traballo de **materias agrupadas por ámbitos** e **traballo por proxectos** en moitas das materias dos distintos niveis.

Todas as aulas están dotadas de diversos medios técnicos (proxector e ordenador, pizarra dixital) para facilitar o uso de recursos didácticos que requiran medios audiovisuais, con acceso á rede Internet. Contamos cunha aula de apoio (**Aula PT**) con materiais adaptados e recursos técnicos e didácticos para atender ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

Os departamentos didácticos determinarán nas correspondentes programacións didácticas as competencias, os obxectivos e contidos básicos da materia que constituirán a base para determinar e realizar os reforzos, tanto na aula con todo o alumnado como a nivel individual ou en pequenos grupos de reforzo. Esta medida, no caso de ser necesario, aplicarase ao longo do curso, dependendo das necesidades detectadas.

PA

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión

Prestarase especial atención á participación do alumnado con necesidades educativas especiais. No centro lévase desenvolvendo con éxito, nos últimos anos, unha experiencia colaborativa entre departamentos de matemáticas e lingua castelá e literatura en 1º ESO.

Contamos tamén con traballo en equipos cooperativos en diversos niveis da ESO, e en distintas materias, nos que profesorado participante no Plan de formación permanente do profesorado aplica o aprendido na formación sobre Aprendizaxe cooperativa nas aulas e nos distintos grupos.

Como xa citamos tamén, na medida do posible organízanse experiencias de **docencia compartida** en distintos grupos, co fin de dar unha mellor resposta educativa ao alumnado con NEAE.

Ademais, unha parte do profesorado do IES traballa **por proxectos** nas súas materias. A partir da participación do IES no programa **Polos Creativos** da Consellería este traballo por proxectos terá unha organización concreta.

No IES desenvolvemos o programa **Stem-Bach** na etapa de Bacharelato.

Adaptación dos tempos/ instrumentos/ procedementos de avaliación

O profesorado, tendo en conta as características e dificultades do alumnado, e para a consecución de determinadas competencias e/ou obxectivos, pode **variar a temporalización na realización das actividades, modificando e flexibilizando estas para que sexan variadas, motivadoras e con diverso nivel de dificultade.**

PA

Do mesmo xeito, sería conveniente ter en conta a **modificación dos tempos na avaliación** nos casos e contextos que así o requiran (alumnado con TDAH, TEA, discapacidade visual). Para isto teranse en conta os **Protocolos da Consellería de educación adecuados a cada caso (ver Anexos).**

Optatividade

Contribúe a completar a formación contemplando os diferentes intereses persoais e profesionais do alumnado. O IES oferta unha maior optatividade no 4º curso da ESO, seguindo a normativa vixente, así como na etapa de Bacharelato en ambas modalidades, Ciencias e Artes.

Aula de atención educativa - Inclusiva

Dirixida a atender ao alumnado que impida o normal desenvolvemento do traballo no grupo-clase por presentar condutas disruptivas. Esta medida se recolle no *Plan de convivencia* do centro.

Non é un espazo que se manteña para esta función permanentemente, senón cando as circunstancias o requiran. Ademais, esta aula convértese nun espazo inclusivo e sensorial, para o alumnado que require dun ambiente máis tranquilo e relaxante nalgúns momentos da actividade lectiva diaria.

Será atendida polo equipo directivo e o departamento de orientación, coa colaboración do profesorado de garda cando sexa posible.

Desdobramentos de grupos

Os desdobres levaranse a cabo cando a dispoñibilidade horaria do profesorado dos distintos Departamentos así o permita. Trátase da división dun grupo amplo en dous para o traballo en grupos máis reducidos.

PA

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

Son medidas que o propio profesorado diseña e aplica con aqueles alumnos e alumnas que teñen certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación). O reforzo afecta aos elementos non precritivos do currículo (organización da aula, metodoloxía, instrumentos de avaliación).

Segundo a *Orde do 23 de xuño de 2011*, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario docente, o profesorado con dispoñibilidade horaria levará a cabo os reforzos que sexan necesarios para dar resposta ás necesidades e características do seu alumnado.

Programas de enriquecemento curricular

Nas programacións de cada materia, os departamentos deberán contemplar a inclusión de obxectivos, contidos e planificar actividades de ampliación ou enriquecemento para alumnado con bo rendemento escolar e/ou altas capacidades.

Programas de recuperación

Ou atención a alumnado con materias pendentes: os departamentos didácticos marcarán as directrices para o seguimento e avaliación de materias pendentes. Estas directrices figurarán na programación anual dos distintos departamentos.

Quen curse un programa de recuperación, poderá quedar exento/a de cursar a materia de 2ª Lingua estranxeira. Terá reforzo educativo nesas dúas sesións semanais nas materias instrumentais e seguimento das recuperacións por parte do profesorado implicado.

PA

Programa de habilidades sociais

Elaborado polo DO para traballar individualizadamente co alumnado que presente condutas disruptivas. Actividades de reflexión sobre os sentimentos e comportamentos xunto con outras en relación coa asertividade, empatía e habilidades básicas de comunicación.

No caso de alumnado privado do dereito de asistencia ao centro pódese prever o envío das actividades ou ben, realizalas no propio departamento durante ou á volta da sanción.

4.2. Medidas Extraordinarias (Art. 9º do Decreto 229/2011, do 7 de decembro)

Considéranse **medidas extraordinarias** de atención á diversidade as dirixidas a dar resposta ás necesidades do alumnado con NEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación destas medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección educativa, da Xefatura territorial ou da Dirección xeral que corresponda.

PA

Adaptacións curriculares

Medida extraordinaria que se pode aplicar cando valoramos un desfase curricular importante (2 cursos ou máis) no alumnado. Trátase de priorizar, modificar ou suprimir contidos e criterios de avaliación do currículo ordinario de referencia (o do curso no que o alumnado se atope matriculado). A avaliación do alumnado terá en conta o establecido na súa ACS de cara á promoción e a titulación na ESO.

Debe ser enviada no mes de novembro ao Servizo de Inspección Educativa para a súa aprobación.

Agrupamentos flexibles

Consiste en realizar desdobramentos transitorios co alumnado de distintos grupos do mesmo nivel, cun atraso académico xeneralizado, para constituír grupos específicos nunha ou varias materias. O alumnado permanecerá no agrupamento todo o horario semanal da materia.

O número máximo de alumnado nun agrupamento será de 10. As materias obxecto desta medida serán as materias instrumentais, podendo ampliarse ás ciencias e ciencias sociais.

O listado de alumnado así como a organización de horarios, programación e profesorado que o impartirá, deben ser enviados ao Servizo de Inspección Educativa para a súa aprobación.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe

PA

Para o alumnado con necesidades educativas especiais e dificultades de aprendizaxe diagnosticadas previamente, ou que poidan xurdir ao longo do proceso educativo, e fundamentalmente nos primeiros e segundos cursos da ESO. Este apoio levarase a cabo preferentemente dentro da aula ordinaria.

Flexibilización da duración do período de escolarización

De ser necesaria, seguiremos o establecido pola *Orde do 8 de setembro de 2021*.

Programa de Diversificación Curricular (PDC)

Medida extraordinaria dirixida a alumnado que presente dificultades de aprendizaxe e que xa tivera outras medidas de atención á diversidade previas. Establecerase en 3º e 4º ESO e as materias serán agrupadas en ámbitos: socio-lingüístico e científico-tecnolóxico.

O grupo terá un máximo de 10 alumnos/as. As familias estarán informadas, expresando a súa conformidade ante a proposta do equipo docente na avaliación final de curso.

A medida será aprobada polo Servizo de Inspección educativa.

Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria ten por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.

PA

Grupos de adquisición de linguas

Trátase de programas destinados a asegurar unha competencia lingüística básica do alumnado estranxeiro, cun descoñecemento total ou parcial das linguas obrigatorias en Galicia.

Grupos de adaptación da competencia curricular

Esta medida estará dirixida ao alumnado procedente do estranxeiro que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade. Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na competencia curricular, de xeito que posibiliten a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado o alumno ou alumna.

5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

As medidas de atención á diversidade organizaranse dentro do horario xeral do instituto ou, cando este permaneza aberto, a través do uso flexible dos recursos persoais, dos espazos e dos medios dispoñibles. A planificación concreta das mesmas e a realización das actividades de apoio e reforzo correspondentes dependerá do tipo de medida e as condicións que se establezan neste plan para aplicarlas.

PA

A aplicación, organización e distribución das medidas propostas dependerá, por tanto, en primeiro lugar da dispoñibilidade de recursos persoais (profesorado con horario suficiente nos departamentos correspondentes), de espazos adecuados e aulas libres, no caso das medidas de carácter grupal, e, nalgúns casos, da posibilidade de contar con recursos materiais e medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados.

Tamén dependerá do tipo de dificultades e necesidades que se detecten ao inicio de cada curso e da valoración do tipo de medidas máis axeitadas para atendelas. No caso de propoñer medidas de carácter organizativo que supoñan a formación de grupos, dependerá de que exista un número de alumnado suficiente cun perfil apropiado para poñelas en práctica e profesorado.

No que respecta á **organización e distribución dos recursos** á hora de aplicar as medidas anteriormente propostas, determinaranse as seguintes **prioridades**:

1. Alumnado con NEE / proposta de ACS.
2. Alumnado con outras NEAE.
3. Alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.
4. Alumnado en risco de fracaso escolar/abandono.

6. RECURSOS

Os **recursos** cos que contamos para levar a cabo a atención á diversidade son:

Recursos humanos:

- ✓ Equipo directivo.
- ✓ Titoras/es.
- ✓ Equipos docentes.
- ✓ Departamento Orientación: especialista en psicología (especialidade orientación educativa), especialistas en pedagogía terapéutica, orientadoras CEIPs adscritos).
- ✓ Persoal de Administración e Servizos do IES.
- ✓ Equipo de Orientación Específico (EOE-Pontevedra).
- ✓ Auxiliar Coidadora.
- ✓ Servizos Sociais do Concello.
- ✓ Servizos Sanitarios do SERGAS.
- ✓ Asociacións, Fundacións, ONGs.



Recursos materiais e organizativos:

- ✓ Aula de Pedagogía Terapéutica.
- ✓ Departamento de Orientación.
- ✓ Aula de Convivencia.
- ✓ En xeral, recursos e instalacións para o uso de todo o alumnado dispoñibles: aulas, aulas de informática, laboratorios, Biblioteca, etc.
- ✓ Materiais educativos varios e bibliografía.
- ✓ Xuntanzas e reunións ao longo do curso.

A dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais estará condicionada pola organización académica do centro.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

7.1. Coordinación interna

Para asegurar un desenvolvemento adecuado das actividades de reforzo e apoio

é necesario establecer unha coordinación entre o profesorado que imparte estes reforzos e o profesorado das materias, especialmente das instrumentais.

Os departamentos determinarán as directrices que rexirán esta coordinación co obxecto de lograr a conexión e continuidade entre o traballo que se realiza na aula e o que se realiza nos reforzos e apoios, así como o seu peso na avaliación da materia.

As coordinación coas titorías de 1º e 2º ESO levaranse a cabo a través da reunión semanal establecida no horario xunto coa xefa de estudos, a xefa do DO e as persoas especialistas en PT. O departamento de orientación reunirse semanalmente para tratar as cuestión derivadas das necesidades de apoio así como outras que vaian xurdindo e sexa necesario valorar.

Outras xuntanzas para a coordinación interna serán:

- ✓ Reunións da CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica).
- ✓ Reunións de avaliación e reunións dos equipos docentes de determinados grupos convocadas pola dirección do centro.
- ✓ Reunións informais dos compoñentes do departamento de orientación con xefes/as doutros departamentos, ou con profesorado en xeral que aplica, ou non, calquera medida atención á diversidade, para asesorar ou recoller información sobre a evolución do alumnado concreto.

7.2. Coordinación cos centros adscritos

Os responsables de orientación dos centros de primaria acudirán, coma mínimo, a tres reunións anuais (unha por trimestre) do departamento de orientación no noso instituto para asegurar a coordinación, a coherencia e o traspaso de información.

Faremos una reunión ao remate do curso escolar coa finalidade de recoller información do alumnado que previsiblemente se vai incorporar ao IES, para

facilitar a continuidade da acción educativa, integrar a todo o alumnado no seu novo grupo e na dinámica do centro e conseguir dar respostas axeitadas a quen poida requirir dun apoio especial.

Ademais, organizaremos conxuntamente a Xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación (mes de maio) e as súas familias (inicios do curso). Nesta xornada serán recibidos/as polo equipo directivo e, no seu caso, pola xefatura do departamento de orientación, cunha charla inicial e cun percorrido polo IES no que coñecerán as distintas dependencias do centro.

PA

7.3. Coordinación coas familias e axentes externos

Dende o departamento de orientación establecerase no horario semanal unha hora de atención a pais/nais ou tutores/as legais no que poderán solicitar asesoramento, información, etc.

No noso caso, esta hora terá carácter flexible a atenderemos ás demandas que sexa posible vía telefónica e presencialmente cando sexa necesario.

Así mesmo, informarase aos pais/nais ou tutores legais de aquelas medidas de atención á diversidade nas que participe o seu fillo/a e solicitaráselle autorización cando esta sexa necesaria. Tamén se lles manterá informados/as da evolución do alumnado con respecto ás mesmas, coa colaboración das persoas titoras.

Manterase unha estreita colaboración cos Servizos Sociais do Concello e outras institucións do entorno, nos casos de alumnado con unha casuística familiar-social desfavorable.

Solicitaremos a intervención do Equipo de Orientación Específico de Pontevedra cando sexa preciso, para asesoramento e/ou intervención en aspectos psicopedagóxicos específicos e/ou cuestións sociais ou mesmo familiares do alumnado cando estas teñan incidencia no ámbito educativo.

8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento deste plan será continuo e realizarase en diversos niveis coma son as reunións de coordinación de titoría da ESO coa orientadora e a xefa de estudos. Tamén nas xuntanzas da orientadora co profesorado de apoio. Por suposto, nas avaliacións preceptivas: avaliación inicial, nas tres avaliacións ordinarias do curso e reunión da avaliación final/extraordinaria así como nas reunións que convoque a xefatura de estudos co profesorado dun grupo determinado co obxectivo de establecer criterios e pautas de actuación respecto ás necesidades educativas dese alumnado para tomar, se fose o caso, decisións sobre medidas de atención educativa.

PA

Os **criterios de avaliación** para determinar a calidade do plan, que teremos en conta serán, entre outros, os seguintes:

- ✓ Coherencia do plan coas necesidades do centro.
- ✓ Desenvolvemento das competencias básicas.
- ✓ Grao de implicación e cooperación dos responsables no desenvolvemento do plan.
- ✓ O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- ✓ A variedade e innovación de actividades propostas.
- ✓ A eficacia metodolóxica e da temporalización.
- ✓ A adecuación dos recursos humanos, didácticos e espaciais.
- ✓ A satisfacción das familias, profesorado e o alumnado.

Ao final de curso, a xefa do DO realizará a **memoria** do plan de atención á diversidade e desta concerción anual, na que se recollerán, polo menos, o seguintes aspectos:

- ✓ Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan e cambio, se procede, na realidade educativa.
- ✓ Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que

colaboren neste.

- ✓ Conclusións e propostas concretas de mellora.

A continuación, incluimos unha serie de anexos que conteñen: modelo de derivación ao DO, modelo de autorización de avaliación psicopedagóxica por parte das familias, así como diversos documentos con pautas de actuación en relación coa diversidade do noso alumnado, baseadas nos Protocolos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

PA

Vigo, 24 de outubro de 2023

Asdo. Mirian Cortiñas Pérez

Xefa Dpto. de Orientación

ANEXOS

ANEXO I

SOLICITUDE DE VALORACIÓN /AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓGICA

D./Dna.....en concepto

de do

alumno/a.....

Departamento de orientación

solicito a realización da Avaliación Psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, coa finalidade de realizar unha valoración que permita identificar as súas posibles necesidades educativas e darlle a resposta máis axeitada para garantir o mellor desenvolvemento das súas capacidades.

MOTIVOS POLO QUE SE SOLICITA A

VALORACIÓN:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

PA

Vigo, a de de 202

Asdo.:

ANEXO II

AUTORIZACIÓN DE VALORACIÓN /AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./Dña..... pai/nai/titor-a

legal do alumno/a

autorizo a realización da Avaliación Psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación, coa finalidade de realizar unha valoración que permita identificar as súas posibles necesidades educativas e darlle a resposta máis axeitada para garantir o mellor desenvolvemento das súas capacidades.

PA

Vigo, a de

... de 202

Asdo.:

ANEXO III

ADAPTACIÓN CURRICULARES

As AC son unha **medida de atención á diversidade extraordinaria** (*Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade*) xa

Departamento de orientación

que con elas modificamos elementos prescritivos do currículo para un determinado/a alumno/a, como son os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. As AC suporán a **modificación, a ampliación, a redución ou a supresión** de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo (*Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011*).

Estas adaptacións irán dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE).



Seguindo o establecido pola citada Orde do 8 de setembro de 2021, recién publicada no DOG, as AC axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do **currículo de referencia**, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida, do que quedará constancia por escrito.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, **no contexto da aula ordinaria** da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias.

A **avaliación** do alumnado nas materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o

caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirilles a promoción ou titulación.

PA

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha **valoración cualitativa** do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

PROCEDEMENTO:

- Reunión do equipo docente, titor/a, xefatura de estudos, especialista PT e orientadora para a decisión da elaboración das AC (da cal quedará constancia en acta da reunión).
- Elaboración da proposta de adaptación de cada materia por parte do profesorado que a imparte no modelo que o centro estableza no seu plan de Atención á diversidade (ver punto seguinte de «elaboración»).
- Conformación do expediente de adaptación pola Xefa do DO (acta da decisión, informe psicopedagóxico, profesionais participantes, proposta das materias a adaptar e acreditación da información á familia).
- Envío por parte da dirección do centro ao Servizo de inspección educativa para a súa aprobación (**antes de finais de novembro**).

ELABORACIÓN:

Dende o DO propomos a utilización da aplicación online recursoseducativos.net (www.programame.gal), intuitiva e sinxela, na que podemos atopar os currículos oficiais das distintas materias nos distintos cursos. Aínda que é un programa gratuíto, para certas opcións temos que darnos de alta, cun usuario e contrasinal (Figura 1), e xa poderemos acceder as veces que queiramos.



Se ben tódolos servizos de recursoseducativos.net son gratuítos e podes empregalos libremente, algúns deles (os marcados na categoría "con rexistro") precisan que contes cun usuario e contrasinal para poder controlar o contido e funcionalidade dos mesmos.

Se queres empregar na túa aula algúns dos nosos servizos con rexistro, podes darte de alta de seguido:

usuario:

contrasinal: VER

e-mail:

repite o e-mail:

Autorizo recibir correos coas novidades e cambios na web no meu correo
 [Xa lín e acepto a normativa de uso da web.](#)

Pregunta de control: un+dous=(escribe só un número)

PA

Figura

1

Unha vez rexistradas entramos dende a páxina principal de acceso, xa co noso usuario e contrasinal, e escollemos a nosa etapa educativa (ESO). O primeiro que temos que facer é crear un cartafol cun nome, por exemplo, ACS. Agora xa podemos entrar e debemos premer na pestana de *Programación e currículo* (Ver Figura 2).



Figura 2

ANEXO IV

PAUTAS-RESUMO DOS PROTOCOLOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- 1. Protocolo para alumnado con Dificultade Específica da Aprendizaxe-Dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.**

Para o alumnado:

1. Coñecemento da dificultade específica e das súas repercusións a nivel escolar.
2. Descubrir e reforzar os seus **puntos fortes**
3. Establecer metas realistas e alcanzables.
4. Recoñecer as medidas de atención á diversidade que se poñen a súa disposición.

PA

Para o centro:

1. Establecer **liñas metodolóxicas comúns** que favorezan a aprendizaxe do alumnado con dificultades específicas.
2. Consensuar a elección de métodos de lectura e escritura a empregar, así como a temporalización das aprendizaxes.
3. Potenciar a **coordinación entre etapas**.
4. Promover plans de formación permanente do profesorado nesta vía.

Para a aula e as tarefas:

1. Colocar ao alumno/a nun **lugar** no que poida recibir a maior cantidade de información de forma correcta.
2. Asegurar que a elección de compañeiros/as para os traballos en **grupo** sexa **equitativa**.
3. Escribir os **puntos clave e as palabras novas** ao principio da clase para axudarlle a seguir as explicacións.
4. Usar **tipoloxía Arial 12 ou 14 e un interliñado 1,5 ou 2** que facilite a súa lectura. É aconsellable que o fondo do texto sexa e cor pastel ou suave.
5. Utilizar **apoios visuais** (mapas conceptuales, imaxes, esquemas, organizadores gráficos.)
6. **Proporcionar con antelación o material escrito.**
7. **Verificar que o alumno/a ten os apuntamentos precisos** para o estudo.
8. No caso de facer lecturas en voz alta, proporcionarllas con antelación para evitar bloqueos que poidan afectar a súa autoestima.

9. **Asegurarse de que entende as tarefas.** Recoméndase dividilas e variar o formato.
10. **Repetirille** as cousas ás veces que sexa necesario.
11. Permitir o uso das **TIC** (Calculadoras, Tablets, procesadores de textos...)
12. **Correxir as tarefas fe forma individualizada** co alumno/a, valorando os traballos polo seu contido e non pola súa forma e non abusando da cor vermella nas correccións. **Dar sempre a palabra ou resposta correcta.**
13. **Darlle todo o tempo que precise** para rematar as súas tarefas.
14. Fomentar o uso da **axenda e** do calendario.
15. **Non limitarille a súa actividade a tarefas simples, pero si dosificarlle o traballo.**



Para a avaliación:

1. Asegurarnos de que **entenden** o que se lles pregunta.
2. Na medida do posible, usar a **avaliación oral** en lugar da escrita.
3. Cando se use a forma escrita para avaliar, evitar que requieran unha resposta moi elaborada. **Optar por preguntas de SI/NON, VERDADEIRO OU FALSO, PASO A PASO e de RESPONDA CURTA.**
4. **Facilitarlles con suficiente antelación, toda a información necesaria sobre o modelo de exame e a súa estrutura.**
5. Darlles todo o **tempo que precisen** para rematar as tarefas e de ser o caso dosificarllelas.
6. Evitar as dobres negacións na formulación das preguntas.
7. **Corrixirilles e comentarilles persoalmente as súas elaboracións, usando todo tipo de exemplos.**
8. **Evitar connotacións negativas** nas correccións das tarefas.
9. Valorar de xeito relevante o traballo do día a día, o esforzo a actitude, etc. **Avaliar o proceso** non só o resultado.

2. Protocolo para alumnado con TEA

Para o alumnado

1. Colocación na aula preto das fontes de información, evitando posibles elementos de distracción.
2. Eliminación de hiperestimulación visual (moitos carteis no corcho da aula, moita información accesible...)
3. Uso dun horario individual e visual donde figure a área ou materi e quen a imparte.
4. Apoio visual permanente e coherente.

5. Uso dun sistema de comunicación alternativo no caso de que sea preciso (Pictogramas, bimodal...). Coordinación coa familia e cos servizos externos.
6. Apoio condutual positivo

Para o centro

1. A estrutura organizativa debe considerar todo o que favorece o desenvolvemento autónomo do alumnado. Identificación de espazos, accesibilidade das normas, distribución dos tempos. Usar claves visuais que situen ao alumnado no espazo, tempo e no que vai a acontecer. Programa TEACCH.
2. Coordinación con asociacións e entidades especializadas en TEA. Tanto para o seguimento do alumnado como para desenvolver porpostas de sensibilización, asesoramento e intervención.

PA

Para a aula

1. Ambiente estruturado, predecible e fixo.
2. Potenciar a autonomía, tendo en conta as estratexias comunicativas do alumnado, os aspectos que se queren traballar e as axudas que se precisan.
3. Distribución do espazo en diferentes zonas, donde esté clara a actividade que se desenvolve e os materiais que se utilizan.
4. Descomposición das actividades en pequenos ítems, con uso de apoios visuais que informen dos pasos da tarefa.

Para a avaliación

1. Tarefas ou exames curtos e concretos, permitíndolle ao alumno realizalas en máis dunha sesión.
2. Permitir a realización de exames de xeito oral ou a través do ordenador.

Estratexias metodolóxicas

1. Encadeamento cara atrás.
2. Aprendizaxe sen erro.

3. Moldeamento.
4. Espera estruturada.
5. Autoinstrucións dirixidas.
6. Role playing.
7. Aprendizaxe funcional.

Orientacións para o currículo:

Prestar atención aos seguintes campos de intervención

- Comunicación: favorecer a comprensión verbal e fomentar a intención comunicativa, potenciar o uso espontáneo das súas habilidades comunicativas.
- Socialización: comprender as situacións sociais, regulación emocional, guións e regras sociais.
- Funcións executivas: desenvolver capacidades relacionadas co autocontro: atender, razoar, memorizar, organizarse e planificar o proceso necesario para alcanzar unha meta e regular a súa conduta.
- Coherencia central: limitación para extraer as ideas principais dun texto, dunha imaxe...
- Xogo e simbolización
- Habilidades motoras: adoitan ter dificultades neste ámbito, adaptar metodolóxicamente.

PA

3. Protocolo para alumnado con TDAH

Para a aula:

1. Aula con bo clima de traballo
2. Localización do alumnado con TDAH cerca da mesa do profesorado ao lado de compañeiros/as que lle sirvan de guía, axuda e tranquilidade.
3. Normas de convivencia consensuadas.
4. Favorecer a tutoría entre iguais.

Para o alumno:

1. Enriba de mesa só presentes os materiais necesarios nese momento.
2. Non sobrecargar con tarefas para casa

3. Uso da axenda
4. Estratexias para mellorar a motivación e a autoestima:
 - a. Potenciar relación positiva entre o profesorado e o alumnado.
 - b. Coñecer o sei estilo de aprendizaxe, capacidades, intereses e emocións.
 - c. Ofrecerlle experiencias de éxito
 - d. Confianza e expectativas positivas.
 - e. Axudar a coñecer e xestionar as súas emocións (baixa tolerancia á frustracións)
 - f. Evitar avaliar sempre de xeito negativo.
5. Estratexias para mellorar a conduta:
 - a. Reforzo positivo das condutas adecuadas ou de aproximación ás mesmas.
 - b. Evitar reclamacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
 - c. Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos
 - d. Permitir momentos de descanso, levantarse, preparar o proxector, repartir actividades..

En relación ás actividades:

1. Alternar actividades teóricas con traballo práctico
2. Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo e asegurarse de que a comprendeu.
3. Utilizar estratexias para captar a atención inicial: entonación, dramatización...
4. Segmentar as actividades e limitar o número das mesmas.
5. Supervisar a realización para reforzar ou para reconducir.
6. Utilizar reforzos e apoios visuais.

En relación aos exames e as probas escritas:

1. Empregar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

2. Que sexan curtos, con preguntas breves, claras, pechadas e con vocabulario sonxelo
3. Completar os exames de forma oral sempre que se observe que os exames escritos están incompletos.
4. Alternar a forma de presentación das cuestións
5. Deixar máis tempo.

4. Protocolo para alumnado con Síndrome de Down/ Discapacidade Intelectual

DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe).

Os principios metodolóxicos deste Protocolo parten dun deseño para todas as persoas. Considera a diversidade no seu sentido máis amplo, e presenta opcións personalizables para todo o alumnado. Múltiples medios de acción, de representación e de mediación na aprendizaxe.

Sensibilización da comunidade educativa:

1. Accións de sensibilización no relativo á diversidade no centro.
2. Confiarase nas potencialidade do alumnado con S. de Down
3. Fomentarase un bo clima de aula
4. Proporcionar canles comunicativas: oral , visual, táctil...
5. Prestar especial atención á acollida deste alumnado
6. Impulsar a comunicación e coordinación entre a familia, o centro e os servizos que traballen con eles.

Atención educativa:

1. Centro:

- Estabilidade do profesorado que interveña co alumnado
- Colaboración con outros profesionais e entidades.
- Potenciar a autoestima, valorando a capacidade e o progreso das metas acadadas.

2. Metodolóxica:

- Transmitir información mediante frases curtas, de forma clara, con boa pronuncia e asegurarse de que nos están prestando atención.
- Secuenciación paso a paso das tarefas, fragmentadas e graduadas segundo a dificultade.
- Adaptarse ao seu ritmo de traballo.
- Evitaranse tarefas repetitivas que supoñan perda de interese e a posible aparición de conductas inapropiadas
- É conveniente ter preparado con antelación o material que se vai a utilizar.
- Adaptarse máis ao nivel de comprensión que de expresión.
- Non se lles proporcionará axuda naquelo que poida facer por si mesmos.
- Promoveranse as aprendizaxes prácticas , útiles e funcionais.

3. Medidas curriculares

- Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxes flexibles, participatias, activas e creativas.
- Propiciarsituacións de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumno.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa.

4. Avaliación e seguimento

- Se presentan Adaptación Curricular os referentes da avaliación serán os da adaptación.
- Avaliación centrada no proceso



5. Protocolo para alumnado con Altas Capacidades.

Orientacións para o centro educativo

- Recoller na PXAD as medidas de atención á diversidade
- Ter en conta esas medidas para a distribución do profesorado.
- Sensibilizar respecto as Medidas
- Promover valores de solidariedade, respecto e tolerancia
- Detectar as necesidades de formación do profesorado
- Impulsar medidas cooperativas
- Potenciar metodoloxías que respondan aos principios do DUA e do diseño multinivel.

- Facilitar o desenvolvemento das potencialidades.
- Garantir a coordinación coa familia

Orientacións para a aula

- Potenciar o diálogo e a comunicación
- Fomentar un bo clima de aula
- Favorecer o desenvolvemento dos talentos

PA

Medidas educativas ordinarias

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, horarios, agrupamentos...
- Adecuación das programacións didácticas
- Metodoloxías baseadas na aprendizaxe cooperativa, en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, traballo por proxectos,
- Desdobramentos de grupos
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Programas de enriquecemento curricular : busca inundar experiencias e actividades adaptadas ao nive curricular, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado que profundicen no establecido no curriculum ordinario, facendoo máis atractivo e interesante para este alumnado. Modelo Enriquecemento EScolar para todo o alumnado (Schoolwide Enrichment Model), Modelo SEM de Joseph Renzulli e Sally Reis.

O modelo SEM proporciona experiencia de aprendizaxe e estándares de alto nivel para todo o alumno a través de tres metas:

- Desenvolver talentos en todo o alumnado a partir dos seus intereses
- Proporcionar un amplo rango de experiencias de enriquecemento de nivel avanzado para todos os alumnos e alumnas
- Proporcionar un seguimento de aprendizaxe avanzada baseado nos seus intereses.

- Outras medidas:
 - **Portafolios do talento:** instrumento de análise que permite coñecer as fortalezas, os intereses, as capacidades e os estilos cognitivos do alumnado, obter información e ofrecerlle os axustes razoables que lle permitan desenvolver o seu potencial e ter rexistro da súa evolución.
 - **Enriquecemento tridíaco:** ten como obxectivo potenciar o desenvolvemento das habilidades cognitivas, de comunicación, de cooperación, o pensamento crítico e a creatividade tendo en conta os intereses do alumnado.
 - **Clústers de enriquecemento:** agrupamento de alumnado segundo intereses comúns para afondar no coñecemento das áreas e materias correspondentes a cada curso. A metodoloxía está centrada na resolución de problemas do mundo real e o desenvolvemento de produtos e servizos auténticos.
- Programa de Habilidades Sociais

Medidas educativas extraordinarias

- Adaptacións curriculares de ampliación (O.8/10/2021). Modifical os elementos prescriptivos do currículo. Deben realizarse se se adoptan medidas de flexibilización da duración do período da escolarización, sexa por anticipación, redución ou por ampliación do nivel superior dunha ou varias materias.
- Flexibilización da duración do período de escolarización: Consiste en anticipa ou reducir un curso. (O. 8/10/2021 e D.229/2011)

Orientacións para a avaliación curricular

- Deben ter os mesmos referentes c o resto do alumnado
- Avaliación por competencias clave
- Instrumentos de avaliación que permitan expresar todo o potencial de aprendizaxe, deben promover a creatividade, a imaxinación e o pensamento diverxente.

- As tarefas deben permitit distintos graos de complexidade e/ou afondamento.
- Deben terse en conta diversidade de opinións, alternativas, ideas...
- Autoavaliación e colaboración entre o alumnado.

Seguimento e intervención

- Colaboración e comunicación constante entre: familia, equipo docente e departamento de orientación.